

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E
GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS S.A., COA FINALIDADE DE MANTEMENTO
INTEGRAL DO EQUIPAMENTO DE ALTA TECNOLOXÍA E SISTEMAS ASOCIADOS**

En Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2016.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Jesús Vázquez Almuíña, Conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, de 20 de outubro, e de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro (modificados por Decreto 111/2013, do 4 de xullo), polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, así como na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Doutra parte, Dª María Luisa Brandt Sanz, actuando en nome e representación Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, en virtude da súa condición de directora xerente da citada empresa, segundo o disposto no artigo 20 do Decreto 209/2008, de 28 de agosto polo que se modifican a denominación e os estatutos do Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A. aprobados polo Decreto 229/1994, de 14 de xullo.

As partes intervenientes recoñécense con capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para iso,

EXPOÑEN

- Que o artigo 1 do Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que corresponden á Xunta de Galicia en materia de sanidade, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e na Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica.

O Decreto 43/2014, do 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, establece que este é o organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no eido sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

- Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A., ten por obxecto o desenvolvemento, execución e explotación de infraestruturas sanitarias, a prestación de servizos de consultaría no campo sanitario, así como a prestación de servizos relacionados co ámbito sanitario. Esta entidade, se constitúe como medio propio instrumental e servizo técnico da Administración da

Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos e entidades de natureza pública, para a execución das actividades que por elas lle sexan encomendadas, dentro das materias que constitúen o seu obxecto social, estando obrigada a realizaras de acordo coas instrucións fixadas unilateralmente polo encomendante.

No artigo 2 dos Estatutos da entidade Galaria, publicados polo decreto 209/2008, de 28 de agosto, sinálase que lle corresponde a entidade:

A promoción, planificación, deseño, construcción, conservación, mantemento, dotación de equipamento e explotación, por si mesma ou mediante terceiros, de toda clase de infraestruturas sanitarias que sexan promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou nas que esta participe, vinculadas ao ámbito sanitario.

A prestación de actividades de consultoría en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación, control de calidade e, en xeral, calquera materia relacionada co sector sanitario, especialmente no campo da alta tecnoloxía sanitaria.

3. A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta a todas as Administracións públicas, obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade e minimizar custos, xestionándos de forma mais eficiente.

Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións públicas mediante formulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos, e que, neste caso, se concretan no presente convenio de colaboración que ten por finalidade o mantemento integral do equipamento de alta tecnoloxía e sistemas asociados dos centros dependentes da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e de GALARIA, Empresa pública de Servizos Sanitarios S.A.

4. Doutra banda, a lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, sinala non seu artigo 15.1, baixo ou epígrafe “acordos de colaboración ou cooperación para o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común” que os órganos de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público autonómico poderán chegar a acordos para o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común.

Segundo o apartado 3 deste artigo “cando o financiamento conxunto se realice entre órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público ou entre estas entre si, se formalizará un convenio de colaboración entre elas co mesmo contido expresado no apartado anterior”.

Por todo isto, formalizan o presente convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto o financiamento conxunto polas partes asinantes do mantemento integral dos equipos alta tecnoloxía e sistemas asociados, das marcas PHILIPS, SIEMENS E GENERAL ELECTRIC, instalados nos centros dependentes da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, SA., así como a incorporación de determinadas evolucións tecnolóxicas. O mantemento integral terá como finalidade que en todo momento os equipos e sistemas asociados se encontren en perfecto estado de funcionamento mediante a execución de distintas operacións e tarefas: mantemento preventivo, correctivo, predictivo e técnico-legal.

Segunda.- Obrigas das partes

1. O Servizo Galego de Saúde iniciará e aprobará os correspondentes expedientes de contratación, atendendo as diferentes marcas, motivando a necesidade do contrato nos termos previstos na lexislación de contratos do sector público e solicitando a documentación precisa que deba, con tal finalidade, ser aportada por Galaria.

Será órgano de contratación a Dirección Xeral de Recursos Económicos, a quen corresponderá a elaboración dos pregos e a tramitación do procedemento polo que se seleccionará a entidade encargada do mantemento integral, baixo os principios de publicidade, concorrencia e eficiente utilización dos fondos públicos, de conformidade co previsto no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Igualmente a Dirección Xeral de Recursos Económicos formalizará o contrato de mantemento integral, de acordo co estipulado no prego de cláusulas administrativas particulares e de prescripcións técnicas.

2. Pola súa banda, Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios, SA., deberá remitir á Dirección Xeral de Recursos Económicos os datos que se lle soliciten aos efectos de formalizar as correspondentes contratacións e, en particular, os certificados de existencia de crédito e a documentación que acredite a súa retención, coa finalidade de que nos expedientes se acredite a plena dispoñibilidade de todas as achegas.
3. A contratación se levará a cabo mediante a modalidade de concorrencia subxectiva na posición contratante polo que o financiamento dos contratos realizarase polas partes asinantes deste convenio na contía que se determina nos pregos das contratacións e recollidas na seguinte cláusula.

Terceira.- Orzamento das actuacións

O presente convenio non leva ningún compromiso de gasto.

As obrigas económicas que xurdirán serán as derivadas das contratacións específicas que se formalicen para o mantemento integral dos equipos e que serán aportadas polas Estruturas Organizativas de de Xestión Integrada, Galaria e o Servizo Galego de Saúde e que se recollen a continuación para cada un dos expedientes de contratación:

Expediente de mantemento dos equipos GENERAL ELECTRIC:

CENTRO GESTIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CENTRO	IMPORTE 2016 CON IVA	IMPORTE 2017 CON IVA	IMPORTE 2018 CON IVA	IMPORTE 2019 CON IVA	IMPORTE 2020 SIN IVA	IMPORTE 2020 CON IVA	TOTAL C/IVA
EOXI DE A CORUÑA	1501 412A 213	H. ABENTE Y LAGO	18.694,50 €						18.694,50 €
		H. VIRXEN DA XUNQUEIRA	25.155,90 €	60.374,16 €	60.374,16 €	60.374,16 €	29.106,00 €	35.218,26 €	241.496,64 €
		H. U. A CORUÑA	31.762,50 €	76.230,00 €	76.230,00 €	76.230,00 €	36.750,00 €	44.467,50 €	304.920,00 €
		H. U. A CORUÑA	40.280,90 €	96.674,16 €	96.674,16 €	96.674,16 €	46.606,00 €	56.393,26 €	386.696,64 €
		H. U. A CORUÑA	7.511,68 €						7.511,68 €
		C.E. EL VENTORRILLO	7.792,40 €	18.701,76 €	18.701,76 €	18.701,76 €	9.016,00 €	10.909,36 €	74.807,04 €
			131.197,88 €	251.980,08 €	251.980,08 €	251.980,08 €	121.478,00 €	146.988,38 €	1.034.126,50 €
EOXI DE FERROL	1505 412A 213	H. ARQUITECTO MARCIDE	25.155,90 €	60.374,16 €	60.374,16 €	60.374,16 €	29.106,00 €	35.218,26 €	241.496,64 €
		H. ARQUITECTO MARCIDE	38.115,00 €	91.476,00 €	91.476,00 €	91.476,00 €	44.100,00 €	53.361,00 €	365.904,00 €
			63.270,90 €	151.850,16 €	151.850,16 €	151.850,16 €	73.206,00 €	88.579,26 €	607.400,64 €
EOXI DE SANTIAGO	1571 412A 213	H. DA BARNANZA	25.155,90 €	60.374,16 €	60.374,16 €	60.374,16 €	29.106,00 €	35.218,26 €	241.496,64 €
		H. CONXO	31.762,50 €	76.230,00 €	76.230,00 €	76.230,00 €	36.750,00 €	44.467,50 €	304.920,00 €
		H. U. SANTIAGO	38.115,00 €	91.476,00 €	91.476,00 €	91.476,00 €	44.100,00 €	53.361,00 €	365.904,00 €
		H. U. SANTIAGO	10.575,40 €	25.380,96 €	25.380,96 €	25.380,96 €	12.236,00 €	14.805,56 €	101.523,84 €
		H. U. SANTIAGO	17.647,85 €						17.647,85 €
		H. U. SANTIAGO	41.696,60 €	25.017,96 €					66.714,56 €
		H. U. SANTIAGO	4.886,40 €	11.727,37 €	11.727,37 €	11.727,37 €	5.653,69 €	6.840,96 €	46.909,47 €
			169.839,65 €	290.206,45 €	265.188,49 €	265.188,49 €	127.845,69 €	154.693,28 €	1.145.116,36 €
EOXI DE LUGO, O CERVO E MONFORTE DE LEMOS	2701 412A 213	H. U. LUCUS AUGUSTI	26.970,90 €	64.730,16 €	64.730,16 €	64.730,16 €	31.206,00 €	37.759,26 €	258.920,64 €
		H. U. LUCUS AUGUSTI	38.115,00 €	91.476,00 €	91.476,00 €	91.476,00 €	44.100,00 €	53.361,00 €	365.904,00 €
		H. U. LUCUS AUGUSTI	34.285,35 €	82.284,84 €	82.284,84 €	82.284,84 €	39.669,00 €	47.999,49 €	329.139,36 €
		H. U. LUCUS AUGUSTI	33.402,05 €	80.164,92 €	80.164,92 €	80.164,92 €	38.647,00 €	46.762,87 €	320.659,68 €
		H. DA COSTA	26.214,65 €	62.915,16 €	62.915,16 €	62.915,16 €	30.331,00 €	36.700,51 €	251.660,64 €
		H. C DE MONFORTE	26.214,65 €	62.915,16 €	62.915,16 €	62.915,16 €	30.331,00 €	36.700,51 €	251.660,64 €
			185.202,60 €	444.486,24 €	444.486,24 €	444.486,24 €	214.284,00 €	259.283,64 €	1.777.944,96 €
EOXI DE OURENSE, VERIN E O BARCO	3201 412A 213	H. DE VERIN	29.747,85 €	71.394,84 €	71.394,84 €	71.394,84 €	34.419,00 €	41.646,99 €	285.579,36 €
		H. VIRGEN DEL CRISTAL	25.155,90 €	60.374,16 €	60.374,16 €	60.374,16 €	29.106,00 €	35.218,26 €	241.496,64 €
		H. VIRGEN DEL CRISTAL	38.115,00 €	91.476,00 €	91.476,00 €	91.476,00 €	44.100,00 €	53.361,00 €	365.904,00 €
		H. VIRGEN DEL CRISTAL	34.285,35 €	82.284,84 €	82.284,84 €	82.284,84 €	39.669,00 €	47.999,49 €	329.139,36 €
			127.304,10 €	305.529,84 €	305.529,84 €	305.529,84 €	147.294,00 €	178.225,74 €	1.222.119,36 €
EOXI DE VIGO	3601 412A 213	H. MEIXOEIRO	40.280,90 €	96.674,16 €	96.674,16 €	96.674,16 €	46.606,00 €	56.393,26 €	386.696,64 €
		H. ALVARO CUNQUEIRO	40.280,90 €	96.674,16 €	96.674,16 €	96.674,16 €	46.606,00 €	56.393,26 €	386.696,64 €
		H. MEIXOEIRO	13.915,00 €	33.396,00 €	33.396,00 €	33.396,00 €	16.100,00 €	19.481,00 €	133.584,00 €
		H. ALVARO CUNQUEIRO	24.302,85 €	58.326,84 €	58.326,84 €	58.326,84 €	28.119,00 €	34.023,99 €	233.307,36 €
			118.779,65 €	285.071,16 €	285.071,16 €	285.071,16 €	137.431,00 €	166.291,51 €	1.140.284,64 €
EOXI DE PONTEVEDRA E O SALNÉS**	3603 412A 213	H. DO SALNÉS	25.155,90 €	60.374,16 €	60.374,16 €	60.374,16 €	29.106,00 €	35.218,26 €	241.496,64 €
		H. PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	25.155,90 €	60.374,16 €	60.374,16 €	60.374,16 €	29.106,00 €	35.218,26 €	241.496,64 €
		H. MONTECELO	38.115,00 €	91.476,00 €	91.476,00 €	91.476,00 €	44.100,00 €	53.361,00 €	365.904,00 €
			88.426,80 €	212.224,32 €	212.224,32 €	212.224,32 €	102.312,00 €	123.797,52 €	848.897,28 €
GALARIA, EPSS, SA		H. MEIXOEIRO	13.963,40 €	33.512,16 €	33.512,16 €	33.512,16 €	16.156,00 €	19.548,76 €	134.048,64 €
		H. MEIXOEIRO	55.950,40 €	134.280,96 €	134.280,96 €	134.280,96 €	64.736,00 €	78.330,56 €	537.123,84 €
		H. ALVARO CUNQUEIRO	33.402,05 €	80.164,92 €	80.164,92 €	80.164,92 €	38.647,00 €	46.762,87 €	320.659,68 €
		H. SANTA MARIA NAI	9.492,45 €	22.781,88 €	22.781,88 €	22.781,88 €	10.983,00 €	13.289,43 €	91.127,52 €
			112.808,30 €	270.739,92 €	270.739,92 €	270.739,92 €	130.522,00 €	157.931,62 €	1.082.959,68 €
SS CC	5001 412A 621 2	H. U. A CORUÑA	84.700,00 €						
		H. U. A CORUÑA	84.700,00 €						
		H. CONXO	84.700,00 €						
		H. MEIXOEIRO	84.700,00 €						
		H. ALVARO CUNQUEIRO	84.700,00 €						
			423.500,00 €						423.500,00 €
			1.420.329,88 €	2.212.088,17 €	2.187.070,21 €	2.187.070,21 €	1.054.372,69 €	1.275.790,95 €	9.282.349,42 €

Expediente de mantemento dos equipos PHILIPS:

CENTRO GESTIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CENTRO	IMPORTE 2016 C/IVA	IMPORTE 2017 C/IVA	IMPORTE 2018 C/IVA	IMPORTE 2020 C/IVA	Total C/IVA	
EOXI DE A CORUÑA	1501 412A 213	H. U. A CORUÑA	26.015,00 €	78.045,00 €	74.467,94 €	49.428,50 €	302.099,19 €	
		H. U. A CORUÑA	18.890,23 €	56.670,69 €	56.670,69 €	37.780,46 €	226.682,76 €	
		H. U. A CORUÑA	18.890,23 €	56.670,69 €	56.670,69 €	37.780,46 €	226.682,76 €	
			63.795,46 €	191.386,38 €	187.809,32 €	124.989,42 €	755.464,70 €	
EOXI DE FERROL	1505 412A 213	H. ARQUITECTO MARCIDE	25.327,72 €	75.983,16 €	72.500,60 €	48.122,67 €	294.118,15 €	
			25.327,72 €	75.983,16 €	72.500,60 €	48.122,67 €	294.118,15 €	
EOXI DE SANTIAGO	1571 412A 213	H. U. SANTIAGO	27.684,80 €	83.054,40 €	79.247,74 €	52.601,12 €	321.489,74 €	
		H. U. SANTIAGO	18.890,23 €	56.670,69 €	56.670,69 €	37.780,46 €	226.682,76 €	
		H. U. SANTIAGO	19.678,91 €	59.036,72 €	59.036,72 €	39.357,82 €	236.146,89 €	
			66.253,94 €	198.761,81 €	194.955,15 €	129.739,39 €	784.319,39 €	
EOXI DE LUGO, O CERVO E MONFORTE DE LEMOS	2701 412A 213	H. U. LUCUS AUGUSTI	20.168,28 €	60.504,84 €	57.731,70 €	38.319,73 €	234.204,15 €	
		H. U. LUCUS AUGUSTI	18.890,23 €	56.670,69 €	56.670,69 €	37.780,46 €	226.682,76 €	
		H. U. LUCUS AUGUSTI	22.786,72 €	68.360,16 €	65.226,99 €	43.294,77 €	264.610,79 €	
			61.845,23 €	185.535,69 €	179.629,38 €	119.394,96 €	725.497,69 €	
EOXI DE OURENSE, VERIN E O BARCO	3201 412A 213	H. SANTA MARIA NAI	17.143,28 €	51.429,84 €	49.072,64 €	32.572,23 €	199.076,34 €	
		H. VIRGEN DEL CRISTAL	22.786,72 €	68.360,16 €	65.226,99 €	43.294,77 €	264.610,79 €	
			39.930,00 €	119.790,00 €	114.299,63 €	75.867,00 €	463.687,13 €	
EOXI DE PONTEVEDRA E O SALNÉS	3603 412A 213	H. MONTECEO	26.015,00 €	78.045,00 €	74.467,94 €	49.428,50 €	302.099,19 €	
			26.015,00 €	78.045,00 €	74.467,94 €	49.428,50 €	302.099,19 €	
EOXI DE VIGO	3601 412A 213	H. ÁLVARO CUNQUEIRO	18.295,20 €	54.885,60 €	54.885,60 €	36.590,40 €	219.542,40 €	
		H. ÁLVARO CUNQUEIRO	20.168,28 €	60.504,84 €	57.731,70 €	38.319,73 €	234.204,15 €	
		H. ÁLVARO CUNQUEIRO	0,00 €	5.797,92 €	13.915,00 €	9.276,67 €	42.904,58 €	
		H. ÁLVARO CUNQUEIRO	0,00 €	5.797,92 €	13.915,00 €	9.276,67 €	42.904,58 €	
			38.463,48 €	126.986,27 €	140.447,30 €	93.463,47 €	539.555,72 €	
GALARIA, EPSS, SA		H. MEIXOEIRO	21.992,96 €	65.978,88 €	62.954,85 €	41.786,62 €	255.393,25 €	
		RM MOVIL	33.434,72 €	100.304,16 €	95.706,89 €	63.525,97 €	388.260,69 €	
			55.427,68 €	166.283,04 €	158.661,73 €	105.312,59 €	643.653,93 €	
TOTAL SERVICIO MANTENIMIENTO INTEGRAL			377.058,51 €	1.142.771,35 €	1.122.771,04 €	746.318,00 €	4.508.395,89 €	
SS. CC	5001 412A 621 2	H. U. LUCUS AUGUSTI	393.250,00 €				393.250,00 €	
		H. U. LUCUS AUGUSTI	42.350,00 €				42.350,00 €	
		H. VIRGEN DEL CRISTAL	42.350,00 €				42.350,00 €	
		H. U. A CORUÑA	210.036,64 €				210.036,64 €	
		H. U. SANTIAGO	82.918,88 €				82.918,88 €	
TOTAL SUBMINISTRO			770.905,52 €				770.905,52 €	
TOTAL			1.147.964,03 €	1.142.771,35 €	1.122.771,04 €	746.318,00 €	4.508.395,89 €	

Expediente de mantemento dos equipos marca SIEMENS:

CENTRO XESTIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CENTRO	IMPORTE 2016 con IVA	IMPORTE 2017 con IVA	IMPORTE 2018 con IVA	IMPORTE 2019 con IVA	IMPORTE 2020 con IVA	Total con IVA
EOXI DE A CORUÑA	1501 412A 213	H. TERESA HERRERA	14.800,72 €	44.402,16 €	44.402,16 €	44.402,16 €	29.601,44 €	177.608,64 €
		H. U. A CORUÑA	19.810,12 €	59.430,36 €	59.430,36 €	59.430,36 €	39.620,24 €	237.721,44 €
		H. U. A CORUÑA	13.562,08 €	40.686,25 €	40.686,25 €	40.686,25 €	27.124,17 €	162.745,00 €
		H. U. A CORUÑA	9.962,33 €	29.887,00 €	29.887,00 €	29.887,00 €	19.924,67 €	119.548,00 €
		H.U. A CORUÑA	- €	- €	16.536,67 €	19.844,00 €	13.229,33 €	
			58.135,26 €	174.405,77 €	190.942,44 €	194.249,77 €	129.499,85 €	747.233,08 €
EOXI DE FERROL	1505 412A 213	H. NAVAL	10.018,80 €	22.542,30 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	32.561,10 €
		H. ARQUITECTO MARCIDE	9.960,72 €	29.882,16 €	29.882,16 €	29.882,16 €	19.921,44 €	119.528,64 €
			19.979,52 €	52.424,46 €	29.882,16 €	29.882,16 €	19.921,44 €	152.089,74 €
EOXI DE SANTIAGO	1571 412A 213	H. U. SANTIAGO	28.880,28 €	86.640,84 €	86.640,84 €	43.320,42 €	0,00 €	245.482,38 €
		H. U. SANTIAGO	21.660,21 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	21.660,21 €
		H. U. SANTIAGO	22.990,00 €	51.727,50 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	74.717,50 €
		H. CONXO	14.800,72 €	44.402,16 €	44.402,16 €	44.402,16 €	29.601,44 €	177.608,64 €
		H. GIL CASARES	9.438,00 €	28.314,00 €	28.314,00 €	28.314,00 €	18.876,00 €	113.256,00 €
		H. CONXO	24.442,00 €	73.326,00 €	73.326,00 €	73.326,00 €	48.884,00 €	293.304,00 €
		H. GIL CASARES	9.960,72 €	29.882,16 €	29.882,16 €	29.882,16 €	19.921,44 €	119.528,64 €
		H. U. SANTIAGO	11.291,72 €	33.875,16 €	33.875,16 €	33.875,16 €	22.583,44 €	135.500,64 €
			143.463,65 €	348.167,82 €	296.440,32 €	253.119,90 €	139.866,32 €	1.181.058,01 €
		H. U. LUCUS AUGUSTI	14.118,28 €	42.354,84 €	42.354,84 €	42.354,84 €	28.236,56 €	169.419,36 €
EOXI DE LUGO, O CERVO E MONFORTE DE LEMOS	2701 412A 213	H. U. LUCUS AUGUSTI	9.960,72 €	29.882,16 €	29.882,16 €	29.882,16 €	19.921,44 €	119.528,64 €
			24.079,00 €	72.237,00 €	72.237,00 €	72.237,00 €	48.158,00 €	288.948,00 €
		H. VIRGEN DEL CRISTAL	20.168,28 €	60.504,84 €	60.504,84 €	60.504,84 €	40.336,56 €	242.019,36 €
		H. VIRGEN DEL CRISTAL	19.442,28 €	58.326,84 €	58.326,84 €	58.326,84 €	38.884,56 €	233.307,36 €
		H. SANTA MARIA NAI	9.960,72 €	29.882,16 €	29.882,16 €	29.882,16 €	19.921,44 €	119.528,64 €
			49.571,28 €	148.713,84 €	148.713,84 €	148.713,84 €	99.142,56 €	594.855,36 €
EOXI DE OURENSE, VERIN E O BARCO	3201 412A 213	H. ALVARO CUNQUEIRO	27.428,28 €	82.284,84 €	82.284,84 €	82.284,84 €	54.856,56 €	329.139,36 €
		H. ALVARO CUNQUEIRO	30.046,72 €	90.140,16 €	90.140,16 €	90.140,16 €	60.093,44 €	360.560,64 €
		H. XERAL CIES	9.960,72 €	29.882,16 €	29.882,16 €	29.882,16 €	19.921,44 €	119.528,64 €
		MEIXOEIRO	9.960,72 €	29.882,16 €	29.882,16 €	29.882,16 €	19.921,44 €	119.528,64 €
		CASA DEL MAR DE VIGO	9.438,00 €	28.314,00 €	28.314,00 €	28.314,00 €	18.876,00 €	113.256,00 €
			86.834,44 €	260.503,32 €	260.503,32 €	260.503,32 €	173.668,88 €	1.042.013,28 €
EOXI DE PONTEVEDRA E O SALNÉS	3603 412A 213	H. MONTECEOLO	9.960,72 €	29.882,16 €	29.882,16 €	29.882,16 €	19.921,44 €	119.528,64 €
			9.960,72 €	29.882,16 €	29.882,16 €	29.882,16 €	19.921,44 €	119.528,64 €
GALARIA, EPSS, SA		RM MÓVIL	39.083,00 €	117.249,00 €	117.249,00 €	117.249,00 €	78.166,00 €	468.996,00 €
		H. SANTA MARIA NAI	6.897,00 €	20.691,00 €	20.691,00 €	20.691,00 €	13.794,00 €	82.764,00 €
		H. MEIXOEIRO	11.132,00 €	33.396,00 €	33.396,00 €	33.396,00 €	22.264,00 €	133.584,00 €
		H. MEIXOEIRO	38.720,00 €	116.160,00 €	116.160,00 €	116.160,00 €	77.440,00 €	464.640,00 €
		H. MEIXOEIRO	28.880,28 €	21.660,21 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	50.540,49 €
			124.712,28 €	309.156,21 €	287.496,00 €	287.496,00 €	191.664,00 €	1.200.524,49 €
TOTAL SERVICIO MANTENIMIENTO			516.736,15 €	1.395.490,58 €	1.316.097,24 €	1.276.084,15 €	821.842,49 €	5.326.250,60 €
SS.CC	5001 412A 621 2	H. CONXO	383.570,00 €					383.570,00 €
TOTAL SUMINISTRO			383.570,00 €					383.570,00 €
TOTAL			900.306,15 €	1.395.490,58 €	1.316.097,24 €	1.276.084,15 €	821.842,49 €	5.709.820,60 €

Cuarta.- Comisión mixta de seguimiento

Constituirase unha comisión mixta de seguimento encargada de garantir o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio, e á que corresponderán, en concreto, as seguintes funcións:

1. Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas para tal fin.

2. Interpretar en caso de dúbida o contido do mesmo.
3. Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

A comisión estará formada por dous representantes de cada unha das partes nomeados polos seus máximos responsables.

A comisión reunirase por solicitude dunha das partes asinantes, e se considerará constituída se asiste polo menos un dos representantes de cada entidade.

Quinta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata a finalización dos contratos de mantemento.

Sexta.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio, ademais das previstas legalmente, as que a continuación se establecen:

1. O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
2. O mutuo acordo entre as partes.

Sétima.- Resolución de conflitos e xurisdición competente

As partes asinantes do presente convenio de colaboración comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do mesmo. As cuestións obxecto de diverxencia serán tratadas e resoltas na comisión mixta de seguimento, mais de non chegarse a un acordo quedarán as partes que o subscriben suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Así queda redactado o presente convenio que, en proba de conformidade asinan os comparecientes, por triplicado exemplar no lugar e data indicados ao inicio.

POLA CONSELLERIA DE SANIDADE E O
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

POR GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE
SERVIZOS SANITARIOS, S.A

Jesús Vázquez Almuíña

María Luisa Brandt Sanz